



P.O.

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 28.10.2022, apróbase a convocatoria e as bases que rexerán o procedemento selectivo para a creación dunha listaxe de emprego temporal de XESTOR/A ACELERA PEME para prestar servizos de carácter temporal vinculados ao programa "Rede de Oficinas Acelera Peme para Contornas Rurais" da Deputación de Lugo (BOP núm. 254, do 07.11.2022).

As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 22.12.2022.

A vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a creación da listaxe de emprego temporal de XESTOR/A ACELERA PEME da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

**1º.-** Dar por rematado o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de XESTOR/A ACELERA PEME (grupo A – subgrupo A2), vinculados/as ao programa denominado "Rede de Oficinas Acelera Peme para Contornas Rurais", aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinala:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
01	MARTÍNEZ MARTÍNEZ, SILVIA	41,696
02	MARTÍNEZ REY, PATRICIA PURIFICACIÓN	34,050
03	PÉREZ NÚÑEZ, LUCAS	29,420
04	FERNÁNDEZ LÓPEZ, MARÍA JOSÉ	27,900

**2º.-** Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

	IV7BQ63TEEZL3GP4YUIFHZB7O4	Fecha y Hora	29/12/2022 20:04:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BQ63TEEZL3GP4YUIFHZB7O4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BQ63TEEZL3GP4YUIFHZB7O4</a>	Página	1/2



O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 02-01-2023  
ata a día 17-01-2023  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.  
*(Handwritten signature)*

**3º.-** Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE,**

P.D. Decreto de data 26-07-2019

**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7BQ63TEEZL3GP4YUIFHZB7O4	Fecha y Hora	29/12/2022 20:04:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BQ63TEEZL3GP4YUIFHZB7O4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BQ63TEEZL3GP4YUIFHZB7O4</a>	Página	2/2

